

Trazos da fala da Fonsagrada

Antón Santamarina

A maneira de caracterizar unha fala é comparala coas falas veciñas da mesma orixe ou con etapas anteriores desa fala. Por iso é difícil dar en breves trazos as características da fala da Fonsagrada dado que no esencial é case idéntica á do Courel, á de Ribadeo, á de Becerreá, á da Ribeira de Piquín ou, en definitiva, á de calquera outra comarca do territorio galego. Unha fala non ten fronteiras, só os fenómenos illados as teñen, isto explica que a fala dunha área se vaia diluíndo progresivamente na contigua. Hai que ter en conta tamén que a extensión do concello da Fonsagrada é das maiores de Galicia e se descendemos ao pormenor habería que salientar diferenzas lingüísticas entre lugares do mesmo concello, que son ben visibles na denominación de certos obxectos (como é o caso da ferramenta ben coñecida que recibe os nomes de *picaña* ou *gaviocho* segundo a aldea).

Hai varios modos de contrastar sistemas lingüísticos e un deles é comparar as tendencias conservadora / innovadora de varias falas con relación a un sistema común orixinario. E neste sentido podemos concluír que a fala da Fonsagrada, como en xeral tódalas da franxa oriental, é conservadora en comparación coas falas do resto de Galicia e en especial coas falas máis occidentais e en consecuencia tamén co galego estándar.

Imos dar unha pequena mostra destes trazos. (Prescindimos de facer referencia a fenómenos que teñen unha fronteira lingüística que cadra lonxe das terras da Fonsagrada como son a *gheada* e o *seseo* que se descoñecen en toda a provincia)

A. Fenómenos conservadores

I. Na fonética

1. Mantéñense os nexos *kw* e *gw* (*cuatro*, *guardar*), o mesmo que en castelán e en portugués e en falas do sur de Pontevedra, fronte á simplificación en *k* e *g* (*catro*, *gardar*) da maior parte do dominio galego.
2. O grupo *-ax-*, que ten varias orixes, mantense (*axada*, *baxar*, *faxa*) sen xerar o *i* intermedio que aparece noutras falas (*aixada*, *baixar*, *caixa*).
3. O *-N-* intervocálico latino na época medieval perdeu a súa articulación alveolar e mantívose como unha resonancia nasal na vogal precedente (lat. LUNA > gal. *lũa*). No tratamento ulterior dalgún destes hiatos coa primeira vogal nasalizada os resultados son conservadores en relación coas restantes áreas do galego; á parte de casos como *chao* ou *chau* (ant. *chão*), que é común ó resto das falas de Lugo e Ourense e aínda de parte da Coruña e Pontevedra, temos os casos de *ladrois* (fronte a *ladrós*, *ladróns*), *cais* (fronte a *cas*, *cans*), *tein* (fronte a *teñen*, *tén*), *luis* (fronte a *lus*, *luns*). Este é un trazo moi rechamante porque repercute no mecanismo morfolóxico da formación dos plurais das palabras rematadas en *-n*, que son moi numerosas.
4. Solucións semellantes danse nos casos de hiatos orixinados pola caída doutras consoantes, como *-L-* ou *-D-* nalgúns contextos; á parte de *pau* (lat. PALUM) que é común a todo o galego temos casos como *rais* (unha moeda), así se dicía en San Martín cando eu era novo (do lat. REGALES, gal. ant. *rayaes*), fronte a outras falas galegas que usaban *reás*, *raiás* ou *ras*; tamén isto repercute nun fenómeno morfolóxico importante: a formación dos plurais das palabras rematadas en *-l* como *adral/adrais*. (Este é un fenómeno que deixou de ser rechamante porque a presión do

castelán provocou que se estendese a formación dun plural «regular» *animales, especiales*; pero a toponimia mantén tenazmente as formas enxebres como *Peizais, Ervellais*, noutras áreas *Peizás, Ervellás*).

5. Un trazo conservador da parte oriental do concello son os restos da conservación do -L- latino en posición intervocálica; os máis vellos da parroquia de quen isto escribe dicían *freixolo, avolo* e non *freixó, avó* e *muín*. Na maior parte do concello dise hoxe *beligo* co -l- conservado, e non *embigo*. Probablemente a fronteira da conservación do -l-, que hoxe é propia do galego-asturiano, debeu de pasar tempo atrás polas terras da Fonsagrada como demostran esas reliquias.

II. Na morfoloxía

6. A morfoloxía nominal conserva algunha formas aparentemente innovadoras. É o caso dos pronomes *ol, al* (*dámol, non chol dou*). Trátase dunha antiga forma apocopada (*lo > 'l*) en certos contextos como *dille que lo veña buscar > dille que'l veña buscar*; esta forma apocopada *'l* foi reforzada despois en *ol* (*dállol, dille qu'ol veña buscar*) por analoxía coa forma plena *o* ou *lo* noutros contextos (*dille que veña buscalo*). Sobre o masculino *ol* formouse a forma do feminino *al* (*dámal, coméual*). É un trazo dun rendemento moi grande que sorprende ós galegofalantes doutras zonas de Galicia.

7. Na morfoloxía verbal, nas desinencias dos verbos, a penas hai discrepancias coas que son propias do galegos estándar. Mantense, igual que en case toda a zona oriental de Galicia a o morfema primitivo da segunda persoa do perfecto, *-che* (*cantache*), fronte ó resto de Galicia (*cantaches*).

Na Fonsagrada, ou nunha boa parte dela, como noutras zonas da Galicia oriental, diferencian 3ª persoa de singular da de plural do presente dos verbos *ter* e *vir* mantendo, na 3ª de plural, as dúas vocais sen contraer: *el tén, el vén / eles tein, eles vein*; fronte ás formas contraídas da 3ª de pl. *eles tén* ou analóxicas *eles teñen, veñen* do resto do galego.

Pola súa frecuencia de uso podemos lembrar que o verbo *estar* na fala da Fonsagrada ou en boa parte dela é *tar* (*tou, tas, tá ..., taba..., tarei..., tea, teas...*).

Non é posible entrar aquí noutros pormenores sobre a morfoloxía verbal; as persoas curiosa poden consultar o volume da morfoloxía verbal do *Atlas lingüístico galego*.

III. No léxico

8. Hai bastantes elementos léxicos que son característicos da fala da Fonsagrada pero neste caso é complicado xebrar os que son arcaizantes dos que son innovadores. Non podemos tratar este asunto aquí porque o léxico non é sistematizable como a fonética e a morfoloxía. Apunto só un aspecto que me chamou a atención cando recollín o vocabulario do vale do Suarna: a relativa abundancia de palabras formadas con sufixos átonos; é o caso de *xémara* (unha vaca *xémara* 'a derreada dun cadril, dexemada'), *lízcaro* 'axil, vivo', *abázcaro* 'zángano das abellas', *esgónzaro*, *pígaro* 'chavella da lata do arado de pau', *lóndrega*, *ástrago*, *vérrago*, *éstramos* 'ánimo' [*non ter éstramos pra facer algo*] etc.; noutras zonas de Galicia tamén hai esdrúxulas semellantes, pero non tan abondosos como nesta área. É sabido que as linguas románicas só dispoñen de sufixos tónicos; os sufixos átonos, aínda que non moi produtivos, son un residuo prerrománico.

Os interesados en ver a extensión de determinadas formas léxicas poden entrar nesta páxina: [Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués](#), no campo “concello” escribir ou seleccionar “A Fonsagrada” e navegar polas entradas. Poden facer a proba con *a requicho, ás carabeilolas, apazugar, borroeira, cagarrio, cáneba, chaela, chamuza, cotrapelo, crabio, cuito* e despois facer as consultas que lles interesen

B. Fenómenos innovadores

I. Na fonética

9. A terminación latina -INUM, igual que en terras máis orientais, incluída Asturias, resolveuse por apócope en -ín: MOLINUM NOVUM > *mulín novo* ou *muín novo*; e así un número moi considerable de palabras (*toucín, camín, nenín* e centos máis).

10. Algún grupo consonántico (d'g, b'd), formado por síncope vocálicas, resólvense ó modo asturiano-leonés convertendo en l a primeira consoante: lat. NÁTICAM > *nádega* > *nad'ga* > *nalga*, LÉVITAM > (masa) *léveda* > *lev'da* > *lelda*, CÚBITUM > *cóbedo* > *co'bdo* > *coldo*, NÉPETAM (nome dunha planta) > *nébeda* > *neb'da* > *nelda*. No resto do galego mantéñense as formas antigas *nádega, léveda, cóbado, nébeda*.

11. Tamén é de tipo oriental, e moi vivo nas terras da Fonsagrada, a intercalación dun -i- na terminación de moitas palabras: *bercio* (por *berce* ou *berzo*), *cobicia, lendia* (por *lenda*), *coucía* (por *couza*), *eu partio, que tu partías, que el partía, eu lambio* e así outros verbos

C. Remate

Hai moitos outros casos nos que o galego da Fonsagrada ten trazos conservadores ou innovadores pero pormenorizalos requiriría un espazo moito maior do que se pode nesta noticia; e sería especialmente laborioso se tomamos en consideración o vocabulario, que é menos susceptible de sistematización e onde o criterio conservador /innovador requiriría facer un estudo etimolóxico de cada palabra. Un exemplo abonda: *cuzo, cuza*, formas moi correntes no galego da Fonsagrada, fronte a *can, cadela*. *Cuzo, cuza* é unha palabra de orixe onomatopéica que aparece, con variantes, en moitas outras linguas románicas pero non é posible saber desde cando convive con *can* e *cadela*.

En xeral o galego desta comarca, tanto dos vales que van para o Navia como dos vales que van para o Eo, presentan solucións que se prolongan polo sur cara a Navia de Suarna e a través dos Ancares e Cervantes ata o oriente de Ourense e occidente de Zamora, e polo norte cara á Ribeira de Piquín, Ribadeo e Mondoñedo. Algo máis diferenciado está do galego occidental e do galego de Asturias (incluído o concello lugués de Negueira). En calquera caso as diferenzas aparecen gradualmente, sen fronteiras nítidas.

Os trazos conservadores citados antes (*freixolo, eles tein*); algunhas palabras compartidas co galego-asturiano (*xuio* 'xuño', *xuillín* 'xullo'); e finalmente algúns indicios de tipo fonético que hoxe só se conservan na toponimia, como é a palatalización do L- inicial, que vemos en *Llencias* de Suarna (fronte a *Lencias dos Vaos*) ou mesmo *Llouxas*, demostrannos que ata non hai moito o galego da Fonsagrada, ou polo menos de parte dela, compartía trazos co astur-leonés (onde se di *llobo* e *lleite*). A orientación comercial e administrativa destas terras cara a Galicia fixo que a fronteira de isoglosas como a do L-> ll- se desprazara cara o leste.